Campionato Galego Júnior e Infantil de Inverno
Copa Galega Sénior

Piscina: Rosario Dueñas, 50 metros, 8 pistas

22, 23 e 24 de febreiro de 2019

Instrucións Técnicas

1.- Horarios das probas

Hora de comezo:	Venres 22	Sábado 23	Domingo 24
Sesión de mañá	10:00	09:30	09:30
Sesión de tarde	17:00	17:00	16:30

2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 10 minutos antes.

Durante os 30 últimos minutos as dúas pistas laterais (1 e 8) reservaranse para series rápidas (sprints).

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boy e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia**... nin se permitirá lanzarse á auga de cabeza agás nas pistas habilitadas para sprints no tempo establecido nestas instrucións técnicas.

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

Ó finalizar cada sesión os nadadores terán a piscina á súa disposición durante un período de 30 minutos.

Non se poderán efectuar quecementos durante as cerimonias de entregas de medallas nin de premiación

3.- Acreditación de delegado

Deberá facerse entrega da acreditación de delegado(a) de clube no impreso oficial na Mesa da Secretaría de Competición cumprimentado na súa totalidade.

Tal e como se recolle na circular 18-04, tanto o adestrador como o delegado acreditado do clube deberá estar en posesión da súa correspondente licencia federativa para a presente tempada.

4.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas por escrito como mínimo, media hora antes do inicio de cada sesión polo Delegado do Clube no impreso oficial facilitado pola Organización do Campionato cuberto na súa totalidade.

A ausencia da comunicación regulamentaria da baixa dun nadador suporá a súa baixa automática en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de relevos).

A presentación da baixa efectuarase na Secretaría da Competición.

5.- Remudas

As fichas das probas de remudas deberán ser entregadas no modelo facilitado pola FEGAN na Secretaría da Competición 30 minutos antes do comezo de cada sesión co fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

Estas fichas deberán estar debidamente cumprimentadas prestando especial atención á orde de nado, número de licencia, identificación e ano de nacemento.

A FEGAN resérvase o dereito de non publicar os nomes dos nadadores da remuda que non cumpra estas instrucións.

6.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

7.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

8.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 10 minutos antes do inicio da súa proba.

9.- Desenvolvemento da competición

Os nadadores deberán permanecen dentro da auga ata que se produza a saída da seguinte serie, agás nas probas de costas e remudas. Unha vez efectuada a saída da seguinte serie, deberán abandonar a piscina polos laterais á maior brevidade posible.

Probas de 800 e 1.500 libre: indicarase o número de longos que restan por percorrer no frontal da piscina e os derradeiros 100 metros sinalaranse con sinal acústica de campá. En estas probas nadarán as tres categorías (infantil, júnior e sénior) xuntas.

Probas de remudas 4x200 libre masculino e feminino, nadarán xuntas as categorías infantil e júnior.

Os nadadores evitarán subir por enriba das placas da cronometraxe electrónica, abandonando a piscina polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas.

10.- Récords e mellores marcas galegas idades

Anunciaranse por megafonía todos os récords e mellores marcas galegas no intre en que se produzan e figurarán nos resultados oficiais.

11.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

12.- Entrega de medallas

As entregas de medallas terán lugar nos intres recollidos nas propias series do Campionato. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ó lugar establecido para a premiación.

É imprescindible a colaboración dos medallistas así como os seus adestradores e delegados para que a dinámica da competición sexa fluída.

13.- Entrega de resultados

Ó termo de cada xornada a FEGAN pendurará na súa páxina web os resultados da mesma.